



Galicia | Asturias | Cantabria | La Rioja | Aragón | Navarra | Castilla y León

BASES LEGAIS DA PROMOCIÓN

"PASAPORTE GASTRONÓMICO DOS CAMIÑOS A SANTIAGO"

A gastronomía do Camiño de Santiago é un elemento fundamental da súa historia e da súa cultura, e un dos principais ingredientes do patrimonio inmaterial deste secular itinerario de peregrinación, ofrecéndolle ao destino un complemento ineludible, sustentado nas tradicións locais e na autenticidade das contornas agroalimentarias polas que transcorre, e conformando a súa paisaxe.

Partindo desta premisa créase o Pasaporte Gastronómico do Camiño, que ofrecerá vantaxes nos establecementos de restauración e comercio cuxa proposta se basee na gastronomía e os produtos autóctonos da zona vinculados historicamente á tradición peregrina, co obxectivo de poñer en valor e promover a gastronomía singular de cada un dos territorios que percorren os itinerarios do Camiño de Santiago.

1. ORGANIZACIÓN DA PROMOCIÓN

Entidades que participan na organización:

- Sociedad de Promoción y Gestión del Turismo de Aragón
- Sociedad Pública de Gestión y Promoción Turística y Cultural del Principado de Asturias
- Fundación Camino Lebaniego y Consejería de Industria, Turismo, Innovación, Transporte y Comercio del Gobierno de Cantabria
- Axencia Turismo de Galicia
- Consejería de Cultura y Turismo de la Junta de Castilla y León a través da Fundación Siglo para el Turismo y las Artes
- Dirección General de Turismo, Comercio y Consumo del Gobierno de Navarra
- Dirección General de Turismo del Gobierno de la Rioja

2. OBXECTIVO

Posta en valor e promoción da gastronomía singular do Camiño de Santiago en cada un dos territorios que percorre.



3. PARTICIPANTES

Poden participar nesta convocatoria todas as persoas maiores de 18 anos.

Os participantes que non cumpran as condicións establecidas nas presentes bases non entrarán no concurso ou serán excluídos deste.

Non poderán participar nel os membros das administracións organizadoras do concurso.

4. PERÍODO DE PROMOCIÓN

A promoción desenvolverase desde o 15 de xuño de 2021 ata o 31 de decembro de 2022, ambas as datas incluídas.

5. MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Todas aquelas persoas que queiran participar no concurso deberán seguir os seguintes pasos:

1. Visitar os establecementos adheridos ao pasaporte gastronómico (información dispoñible nas seguintes páxinas webs):

Aragón: <https://www.turismodearagon.com/aragon/camino-de-santiago-por-aragon/>

Asturias: <https://www.turismoasturias.es/pasaporte-gastronomico-camino-de-santiago>

Cantabria: <https://www.caminolebaniego.com/pasaporte-gastronomico-de-los-caminos-de-santiago>

Castilla y León: www.turismocastillayleon.com/pasaportegastronomico

Galicia: <https://www.caminodesantiago.gal/pasaporte-gastronomico>

La Rioja: <https://www.lariojaturismo.com/pasaportegastronomico>

Navarra: <https://www.visitnavarra.es/es/w/pasaporte-gastronomico-caminos-a-santiago>

2. Conseguir un mínimo de 3 selos por consumir ou comprar en calquera dos establecementos adheridos, con independencia do importe gastado.
3. Unha vez selado o pasaporte, os usuarios da credencial daranse de alta na web <https://www.turismocastillayleon.com/sorteopasaportegastronomico>, á que subirán unha fotografía cos seus datos de contacto e o pasaporte selado.



6. PREMIOS

- Establécese a seguinte relación de premios segundo a categoría (número de selos obtidos):

3 SELOS (primeiro lote)

- Lote de produtos **Xacobeo 21-22** (básico)

Composto por 2 produtos por comunidade e lote

Numero de lotes: 30 lotes (15 en cada sorteo)

Cada comunidade achega 60 produtos

5 SELOS (segundo lote)

- Lote de produtos **Xacobeo 21-22**

Composto por 3 produtos por comunidade

Numero de lotes: 30 lotes (15 en cada sorteo)

Cada comunidade achega 90 produtos

10 SELOS (terceiro lote)

- **Estadía de 2 noites** para dúas persoas, en réxime de aloxamento e almorzo, nun aloxamento turístico

14 estadías, dúas por comunidade en cada un dos sorteos, é dicir 28 estadías en toda a promoción

(Os períodos de validez para gozar do premio serían:

Primeiro sorteo: xaneiro a decembro de 2022

Segundo sorteo: xaneiro a decembro de 2023)

- Lote de produtos **Xacobeo 21-22**

Composto por 3 produtos por comunidade

Numero de lotes: 14 en cada sorteo

Cada comunidade achega 84 produtos

PASAPORTE GASTRONÓMICO DE LOS CAMINOS A SANTIAGO



Xacobeo 21-22

Galicia | Asturias | Cantabria | La Rioja | Aragón | Navarra | Castilla y León

- Os participantes entrarán no sorteo tendo en conta o número de selos do seu pasaporte, de xeito que os pasaportes con 3 ou 4 selos accederán aos premios do primeiro lote; os que teñan entre 5 e 9 selos, ao segundo lote; e os de 10 ou máis selos, ao terceiro lote.
- Os participantes terán asignado un número co que participarán no sorteo a través dunha plataforma dixital.
- Os gañadores dos premios recibirán unha comunicación por correo electrónico, e disporán dun prazo de 7 días para a súa confirmación e para a xestión do envío.
- O premio ou o dereito á súa obtención é intransferible.
- En ningún caso os premios outorgados con motivo da presente promoción poderán ser obxecto de cambio, alteración, compensación ou cesión, nin reembolso en metálico a pedimento do gañador; tampouco poderán ser cambiados por calquera outro premio.
- O envío do premio realizarase á Península, Baleares, Canarias e Unión Europea. Os gastos xerados polo envío fóra da Unión Europea correrán a cargo do gañador.
- Queda prohibida a comercialización e/ou venda do premio ou do dereito á súa obtención.
- A renuncia ao premio non dará ningún dereito a indemnización ou compensación.
- O período de reclamacións finaliza transcorridos 5 días naturais desde a entrega dos premios.

Todos os impostos e taxas relacionados co premio desta promoción ou aqueles gastos adicionais motivados por demora ou negligencia por parte do gañador correrán da súa conta, salvo que se tivese establecido expresamente nas presentes bases. Serán da conta da persoa premiada todos os gastos referentes a melloras e extras que non correspondan co premio detallado nas presentes bases.

7. SORTEO

Desde o 15 de xuño de 2021 ata o 31 de decembro de 2022 realizaranse dous sorteos nos que participarán todos os pasaportes recibidos:

- **Primeiro sorteo:** xaneiro de 2022.
- **Segundo sorteo:** decembro de 2022.

Verificarase que o pasaporte se presenta de forma correcta e que os datos do participante correspóndense cos do DNI ou pasaporte oficial. No caso de que un mesmo titular participe con máis dun pasaporte optará a un único premio.



Galicia | Asturias | Cantabria | La Rioja | Aragón | Navarra | Castilla y León

No momento do sorteo tamén se verificará que os selos se corresponden cos establecementos, actividades ou experiencias que forman parte desta iniciativa. En caso contrario declarárase nulo o pasaporte e extraerase un novo. Os selos han ser todos diferentes e pertencer a empresas adheridas.

8. FISCALIDADE

A celebración dos sorteos, así como a concesión dos premios, quedan suxeitas á normativa fiscal vixente.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no sorteo implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a non aceptación delas implicará a exclusión do participante e, como consecuencia disto, os entes organizadores quedarán liberados do cumprimento da obriga contraída co devandito participante.

10.- RESPONSABILIDADE DOS ENTES ORGANIZADORES

Os entes organizadores resérvanse o dereito de acurtar, prorrogar, modificar, suspender ou cancelar esta promoción se concorresen circunstancias excepcionais que de forma xustificada impedisen a súa realización; nese caso comunicaráselles debidamente aos participantes.

11.- DEREITOS DE IMAXE

Os participantes aceptan que, en caso de gañar, a organización poida utilizar o seu nome e a súa imaxe en calquera tipo de publicidade ou publicación con fins comerciais ou meramente informativos e sempre no ámbito que incumbe á presente promoción, sen que esta utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio ningún. A cesión dos devanditos dereitos permanecerá vixente durante o tempo que dure a promoción.

Os participantes eximen á organización de calquera responsabilidade de calquera transgresión da lexislación vixente.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Todos os fluxos de información e tratamentos de datos de carácter persoal que realice a Fundación Siglo para el Turismo y las Artes de Castilla y León, con motivo da organización da presente actividade, cumprarán co disposto no

PASAPORTE GASTRONÓMICO DE LOS CAMINOS A SANTIAGO



Xacobeo 21-22

Galicia | Asturias | Cantabria | La Rioja | Aragón | Navarra | Castilla y León

Reglamento Xeral de Protección de Datos, Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril, e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa que resulte de aplicación.

Do tratamento dos datos de carácter persoal daráselles a correspondente información aos interesados. Así mesmo solicitaranse as autorizacións correspondentes tal e como contempla a citada lexislación de protección de datos de carácter persoal.

Todas as entidades participantes na presente actividade, previa autorización dos interesados, recibirán copia dos datos de carácter persoal proporcionados. Estas entidades serán responsables da súa propia base de datos que, pola súa vez, terá as mesmas finalidades para as que os interesados autorizan o seu tratamento. As devanditas entidades son:

- Sociedad de Promoción y Gestion del Turismo de Aragón
- Sociedad Pública de Gestión y Promoción Turística y Cultural del Principado de Asturias
- Fundación Camino Lebaniego y Consejería de Industria, Turismo, Innovación, Transporte y Comercio del Gobierno de Cantabria
- Axencia Turismo de Galicia.
- Consejería de Cultura y Turismo de la Junta de Castilla y León a través de la Fundación Siglo para el Turismo y las Artes
- Dirección General de Turismo, Comercio y Consumo del Gobierno de Navarra
- Dirección General de Turismo del Gobierno de la Rioja

En canto á base de datos da que é responsable a Fundación Siglo, para el Turismo y las Artes de Castilla y León, o prazo de conservación dos datos será o estritamente necesario para as devanditas finalidades, salvo requirimento legal ou xudicial, e o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición ante a responsable do tratamento “Fundación Siglo, para el Turismo y las Artes de Castilla y León” en dpd.fundacionsiglo@jcyl.es o en Avda. Real Valladolid, 2, 47015 Valladolid, Fax: 983 213 887.

13.- XENERALIDADES

Neste sentido, a organización declara que habilitou os mecanismos e soportes tecnolóxicos idóneos para detectar calquera posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación normal na presente promoción.

A mera participación nesta promoción supón a aceptación das presentes bases legais.